



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2019

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Setembro 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas superior ao do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,6%, 2,4 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 1,8% e nos Outros servizos aumenta o 12,8%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,0% e en España un 1,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de setembro agás en Canarias.
- En todas as comunidades crece a ocupación agás en País Vasco.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, cinco décimas superior ao do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,6%, 2,4 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 1,8%, resta 1,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 12,8% e achegan 2,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 2,4% e nos *Outros servizos* o 5,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 3,3%, co que resta 1,8 puntos, e a *Venta e reparación de vehículos de motor* redúcese un 0,5%. En senso contrario, o *Comercio ao retalho* aumenta un 3,0%, co que achega 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 2,2%, o *Comercio ao retalho* do 2,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 4,0%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 12,8%. O *Transporte* rexistra o maior incremento, 24,6%, co que achega 2,1 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,7%. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (8,3%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,8%).

Nos nove primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 4,5% en Galicia e un 4,2% no conxunto do Estado. Tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* aumentan máis en Galicia que en España.

O *Comercio por xunto* (5,4%) e o *Transporte* (11,8%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicación* diminúen a súa facturación no que vai de ano, -6,4% e -0,7% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 4,7% no mes de setembro.

Os sectores que máis contribúen a este crecemento son o *Transporte*, que crece un 24,1% e achega 3,3 puntos e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentan un 14,3% e achegan 1,1 puntos. En senso contrario, o *Comercio* rexistra un descenso do 1,9%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 5,0%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (13,6%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,0%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 0,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 2,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Canarias (-0,7%). Os maiores aumentos danse en Extremadura (7,1%), Andalucía (6,0%) e Murcia (5,3%).

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (6,5%), Extremadura e Murcia (ambas as dúas 6,2%) e Andalucía (6,1%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (1,2%) e Illes Balears (1,3%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2019


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,0% respecto ao mes de setembro de 2018, cinco décimas menos que en España (1,5%).



O persoal ocupado aumenta un 0,7% no *Comercio* e un 1,3% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-1,1%). Os maiores crecementos danse no *Transporte* (3,0%) e *Información e comunicación* (2,4%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (3,0%) e *Comercio por xunto e Actividades profesionais, científicas e técnicas* (ambas 2,0%).

No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 1,5% en Galicia e un 1,8% en España. O maiores crecementos da ocupación en Galicia danse no *Comercio por xunto* (3,8%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,4%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2018 agás País Vasco (-0,2%). Os maiores incrementos danse en Extremadura (2,6%), Comunitat Valenciana (2,3%) e Cataluña (2,1%).

No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,5%) e Comunitat Valenciana (2,4%); a taxa máis baixa corresponde a Castilla y León (0,7%).

Índices de persoal ocupado. Setembro 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	128,9	1,6	4,5
Comercio	127,4	-1,8	3,8
Venta e reparación de vehículos de motor	107,2	-0,5	-6,4
Comercio por xunto	138,2	-3,3	5,4
Comercio ao retalho	106,6	3,0	1,5
Outros servizos	132,9	12,8	6,8
Transporte	136,4	24,6	11,8
Hostalería	128,6	2,8	6,1
Información e comunicacións	113,0	5,4	-0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,3	8,2	4,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	164,9	7,1	4,6
España			
Xeral	121,4	3,6	4,2
Comercio	118,4	2,4	3,4
Venta e reparación de vehículos de motor	124,9	4,0	-2,5
Comercio por xunto	123,3	2,2	4,9
Comercio ao retalho	106,6	2,5	2,7
Outros servizos	127,1	5,7	5,6
Transporte	123,0	8,3	6,1
Hostalería	132,8	1,4	3,9
Información e comunicacións	117,6	3,6	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	133,2	7,8	8,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	133,7	6,1	6,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	131,8	4,7	5,0
Comercio	125,3	-1,9	3,0
Transporte	155,4	24,1	13,6
Hostalería	134,6	2,3	5,7
Información e comunicacións	114,6	4,7	-1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,7	14,3	5,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	152,6	6,1	2,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	121,4	3,6	4,2
Andalucía	113,7	6,0	6,1
Aragón	119,7	3,5	3,5
Asturias	117,6	4,8	5,5
Baleares, Illes	144,8	1,1	1,3
Canarias	117,4	-0,7	1,2
Cantabria	126,9	4,6	6,5
Castilla y León	107,4	1,0	2,1
Castilla-La Mancha	121,4	3,1	4,0
Cataluña	116,4	3,3	3,4
Comunitat Valenciana	115,3	3,6	4,6
Extremadura	123,3	7,1	6,2
GALICIA	128,9	1,6	4,5
Madrid	130,3	4,1	4,3
Murcia	109,8	5,3	6,2
Navarra	122,9	1,2	4,7
País Vasco	123,3	4,8	4,6
Rioja, La	124,4	4,9	4,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	110,4	1,0	1,5
Comercio	108,8	0,7	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	99,9	-1,9	0,9
Comercio por xunto	120,8	0,8	3,8
Comercio ao retalho	103,7	1,1	0,8
Outros servizos	111,5	1,3	1,3
Transporte	107,9	3,0	2,8
Hostalería	112,2	1,2	0,2
Información e comunicacións	109,3	2,4	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,1	2,2	3,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,4	-1,1	-0,6
España			
Xeral	110,6	1,5	1,8
Comercio	106,7	1,3	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	108,3	1,1	1,6
Comercio por xunto	108,9	2,0	2,2
Comercio ao retalho	104,9	0,9	1,0
Outros servizos	113,1	1,6	1,9
Transporte	110,7	1,7	2,1
Hostalería	116,0	0,8	0,9
Información e comunicacións	110,9	3,0	3,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,4	2,0	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,4	1,5	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,6	1,5	1,8
Andalucía	107,7	2,0	2,0
Aragón	112,8	1,0	1,3
Asturias	106,9	0,4	0,9
Balears, Illes	133,5	1,2	1,6
Canarias	110,8	0,8	1,0
Cantabria	111,5	0,5	0,9
Castilla y León	107,0	0,5	0,7
Castilla-La Mancha	108,9	1,4	1,4
Cataluña	112,9	2,1	2,1
Comunitat Valenciana	109,5	2,3	2,4
Extremadura	109,8	2,6	2,5
GALICIA	110,4	1,0	1,5
Madrid	109,8	1,3	1,8
Murcia	110,2	0,7	1,4
Navarra	110,8	1,1	2,1
País Vasco	107,2	-0,2	1,2
Rioja, La	111,3	1,8	2,0

Fonte: INE